

1. OBXECTIVOS. FUNDAMENTACIÓN

As Instrucións de comezo de curso da Dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2022/2023, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de cultura, educación e universidade, indican:

Para un acertado desenvolvemento do **Proxecto Lector de Centro** (PLC), deberá elaborarse un **Plan Anual de Lectura** (PAL) que recollerá, entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación ou programa específico para a biblioteca. Estes documentos de planificación son imprescindibles (...).

EN RELACIÓN COAS DIRECTRICES DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E O CONTEXTO DESTE CURSO 22-23

1.1 Situación de partida

- A meirande parte do alumnado do IES Lois Peña Novo presenta **graves deficiencias na súa competencia comunicativa**, tanto no eido da lectoescritura como na comprensión e expresión dos diferentes tipos de textos.
- De xeito xeneralizado existe un **rexoimento da lectura**, non só como fonte de coñecemento, senón tamén de lecer, o que incide directamente nos campos de escaseza léxica, da concentración, da interpretación e das normas ortográficas e gramaticais.

1.2 Necesidades máis urxentes que cómpre atallar

1. Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura, creando e posteriormente consolidando hábitos de lectura.
2. Formar alumnado competente tanto na destreza da comprensión lectora como na de expresión escrita.
3. Lograr que o alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
4. Promover entre toda a comunidade educativa o uso cotiá e diario da biblioteca, de forma que adquiren as ferramentas para manexarse con eficacia por este entorno.
5. Potenciar a integración da lectura na dinámica da clase.
6. Actualizar e manter actualizados os fondos da biblioteca.
7. Organizar a biblioteca como centro de recursos ó servizo de toda a comunidade educativa.

*Hai unha necesidade que resaltamos por estar por debaixo de todas as demais: **que todo o profesorado teña o desexo de querer formar parte deste gran proxecto que é a biblioteca.** O*

profesorado de todas as materias e niveis debería estar comprometido co fin que se persegue, pois a consecución deste obxectivo é cousa de todas e todos.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

Contamos co **espazo propio da biblioteca**, cada curso inténtase facer este espazo máis accesible e atractivo e con máis utilidades, dotándoo de equipamento para facer un espazo apto para calquera función que lle queiramos dar.

Ademais existen **recunchos de lectura informal** espallados polo centro, son puntos creados para fomentar a lectura en calquera momento da xornada lectiva. Estes espazos informais, por mor da situación sanitaria derivada da COVID-19, estiveron inhabilitados durante os pasados cursos, iranse introducindo pouco a pouco baixo o lema: **Lecturas de Pis-Pas** e o como logo unha gran pipa lendo.



Cada departamento podería crear **bibliotecas de aula**, para facilitar o achegamento do alumnado e profesorado ós libros, tanto de lecer como de contidos informativos relacionados coas súas ensinanzas. De momento isto suplímolo coa actividade da *Hora de ler*, na que o alumnado, xunto co seu profesorado escolle as lecturas que vai realizar durante esta actividade.

En canto ós **tempos de ler** tentamos fomentar que cada vez se adique máis tempo a esta actividade, a través de diferentes actuacións que se relatarán nas actividades para este curso 2022-23: lecturas informais, durante os tempos de gardas cando falta algún docente, hora de ler, club de lectura, etc.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

As liñas de actuación prioritarias son as derivadas das necesidades máis urxentes que cómpre atallar e que podemos resumir en:

Que a nosa biblioteca sexa un punto de encontro. Un punto onde xurdan as actividades de formación, as relacións interpersoais, o empuxe á lectura, a dinamización de proxectos educativos, a aprendizaxe diversa, e o lugar onde alumnado, profesorado, persoal non docente, pais e nais sexan quen de remar xuntos nunha mesma dirección.

4. SECCIÓNS

4.1 Bibliotecas de aula

A través da actividade *A hora de ler* preparamos unhas pequenas bibliotecas de aula en caixas de froita recicladas que pintou o alumnado do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia.



O profesorado de cada departamento ou os titores e titoras de cada grupo fan unha selección de obras que poden ser do interese do seu alumnado, pero será o alumnado quen escolla o que quere ler durante estes períodos e que levarán a cada unha das aulas para realizar esta actividade.

4.2 Departamentos

Todos os departamentos do centro teñen fondos, sobre todo de non – ficción. A idea é ir pouco a pouco catalogando todos estes libros para ver o número real de fondos do centro e a súa tipoloxía e que todo quede rexistrado na base de datos de MEIGA e no futuro de KOHA.

5. RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS

5.1 CLUB DE LECTURA “NÓS TAMÉN”

O club de lectura da biblioteca do IES Lois Peña Novo leva o nome: **“Nós tamén”**, e conta con anos de traxectoria.

Anualmente este nome vén acompañado doutra denominación encargada de dotar de coherencia ás diferentes actividades interrelacionadas que emanan do proxecto. Para este curso 2022-23 será: **“Un mundo de libros”** que continuará o traballo iniciado no curso pasado (*“Chairegos polo mundo”*) en relación ós obxectivos da axenda 2030.

Segundo as instrucións ditadas cada curso en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares, traballaremos temáticas vinculadas ós **Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable** da



Axenda 2030 da ONU, escollendo temas relevantes no campo social e educativo.

Por que Un mundo de libros? Cada curso hai máis alumnado de diferentes procedencias no noso centro, isto lévanos a pensar na diversidade como riqueza: a multiculturalidade, a variedade de linguas... as diferenzas vistas como oportunidade para viaxar por un mundo de libros.

Os obxectivos que se traballarán neste club serán varios, xa que a temática é transversal a moitos deles, pero se algún fará de nexo vertebrador será o **17 Alianzas para lograr os obxectivos**.

Coordinará o club de lectura a coordinadora da biblioteca: Ana Belén González Basanta.

5.2 HORA DE LER

- Establecemos un tempo mínimo de 2 horas semanais en todos os cursos, repartidas de forma proporcional entre todas as materias ou módulos. Facemos este reparto coa colaboración do profesorado dos diferentes departamentos buscando sempre a mellor adecuación ó tipo de ensinanzas.
- Os libros levaranse á aula a través de préstamos a ese curso concreto. A selección de libros realizarase unhas veces baixo a supervisión do profesorado do curso e outras sendo escollas individuais do alumnado.
- Como novidade a hora de ler tamén se poderá realizar na biblioteca, dando a posibilidade de estar nun entorno máis axeitado e atractivo e con acceso a todas as obras que brinda a biblioteca do noso centro.
- Os horarios e as normas da Hora de ler estarán expostas en cada aula.
- Tratarase de facer este tempo atractivo a través de actividades, presentacións, diversos espazos para ler... Así potenciaremos o atractivo da lectura en lugar da súa obrigatoriedade.
- Nas aulas existirá un libro de rexistros e empréstitos por se o alumnado quixese rematar esas lecturas fóra deste tempo.

6. RECURSOS HUMANOS

A persoa designada como **coordinadora da biblioteca** dende o curso 2020-21: Ana Belén González Basanta, docente do departamento de servizos socioculturais e á comunidade.

O **equipo de apoio da biblioteca** é o profesorado que realiza as gardas e colabora nas tarefas e funcións da biblioteca mentres realiza estas gardas:

- Ana Isabel Arias García (dpto. Lingua galega e coordinadora do EDLG)
- Isabel Doval García (dpto. Formación e orientación laboral)
- M^ª Carmen Prieto Roca (dpto. Servizos socioculturais e á comunidade)

- M^a Jesús Blanco López (dpto. Administración e xestión)
- Manuel Fernández Pérez (dpto. Transporte e mantemento de vehículos)
- M^a Paz López Guizán (dpto. Filosofía)
- María del Carmen Areán Prado (dpto. Informática e comunicacións)
- Soledad Prado González (dpto. Administración e xestión)
- María Felpeto Losada (dpto. Lingua castelá, dto. Xeografía e historia)
- Carmen Mato Varela (dpto. Administración e xestión)

Estas persoas cobren o seguinte horario:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
8:45					
9:35					
9:35					
10:25					
10:25					
11:15	Ari. G., A.I.	Dov. G., I.	Pri. R., M.C.	Fer. P., M.	Lóp. G., M.P.
11:45					Dov. G., I.
12:35					Lóp. G., M.P.
12:35			Bla. L., M.J.		Lóp. G., M.P.
13:25					Are. P. C.
13:25		Dov. G., I.			
14:15					
mediodía					
15:30					
16:20					
16:20					
17:10					
17:10					
18:00					
18:00					
18:45					
18:45					
19:30	Fel. L., M.	Mat. V., C.			Lóp. G., M.P.
19:45					
20:30					
20:30					
21:15					
21:15					
22:00					

A persoa encargada de **coordinar o club de lectura**, xa que non se presentou ningunha outra persoa interesada, será a coordinadora da biblioteca: Ana Belén González Basanta.

7 ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORALIZADAS

7.1 As habituais

1. **Presentación da biblioteca e formación inicial** de persoas usuarias.
2. **Realización de carnés** da biblioteca a toda a comunidade.
3. **Club de lectura Nós tamén.**
4. **Hora de ler.**
5. **Exposición de novidades e pequena publicación** para dálas a coñecer a toda a comunidade a través de dípticos que se reparten e se expoñen.

6. **Ollos para ver – Libros para ollar:** exposición que xurdiu para dar a coñecer aqueles libros máis visuais e que se vai renovando de cada pouco no corredor máis próximo á biblioteca para que a comunidade educativa manexe estes libros en calquera momento.


E sempre sempre outras actividades que poidan ir xurdindo, que vaian callando e que finalmente se queden como habituais.

7.2 Efemérides e actuacións

EFEMÉRIDE	ACTUACIÓNS
INICIO DE CURSO	- Presentación da biblioteca - Carnés lectores
Día das escritoras outubro	- Exposicións - Recomendacións lectoras
Día das bibliotecas outubro	- Actividades conxuntas coa biblioteca pública de Vilalba - Recoñecemento en redes sociais - Exposición
Día universal da infancia novembro	- En colaboración coa vicedirección do centro
Día internacional contra a violencia de xénero novembro	- Exposición - Recomendación de obras - Presentación en redes sociais - Outras actuacións en colaboración coa vicedirección do centro e os diferentes departamentos
Día das persoas con discapacidade decembro	- Actividades en colaboración co departamento de Servizos socioculturais e á comunidade que imparte o ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia
Día internacional da educación xaneiro	- Actuacións en colaboración coa vicedirección e departamento de orientación
Día da ilustración xaneiro	- Dar a coñecer os fondos que temos na nova sección de libros ilustrados - Outras actividades
Día da lingua materna febreiro	- Actividades en colaboración co EDLG
Día de Rosalía de Castro febreiro	

Día internacional da muller 8 de marzo	- Actuacións en colaboración coa vicedirección e departamentos de orientación e outros do centro
Semana da prensa marzo	- Traballaremos con xornais - Fomentaremos actuacións en todos os cursos
Semana do libro abril	- Novidasas actividades que concretaremos na memoria
Día da narración oral marzo	- Actuacións relacionadas coa narración oral, por exemplo traer a contacontos, ler para os demais...
Día da poesía marzo	- Plasmaremos na memoria as ideas para este ano
Día mundial do teatro marzo	
Día internacional contra o acoso escolares maio	- Colaboración co departamento de orientación
Semana das letras galegas maio	- Actividades en colaboración co EDLG
Día das letras galegas 17 de maio	
Día mundial do medio ambiente xuño	- Seguiremos coas actividades comezadas o ano anterior ó redor do Obxectivo 13 da Axenda 2030
OUTRAS CELEBRACIÓNS RELACIONADAS CON INTERESES DA COMUNIDADE EDUCATIVA	

7.3 Outras actividades



Cada ano xorden novas actividades ó redor da biblioteca. Este ano comezamos cos **TEMPOS DE LECER**.

Durante o recreo todo o alumnado pode facer uso da biblioteca para desfrutar de xogos de mesa, revistas, etc. Dun tempo de lecer en compañía doutras persoas, xa que se detectou que había alumnado que durante o tempo de lecer estaba sen compañía e isto fai que a socialización sexa máis fácil.

Este ano levaremos a cabo tamén un **EXPURGO – ME LO QUEDO**, no que poremos a disposición de toda a comunidade educativa os libros que foron expurgados para que se leven aqueles que lles interesen e así dar unha nova vida a eses libros que na biblioteca xa non se usan, etc.



Despois de dous cursos limitados pola pandemia tentaremos realizar máis actividades, mesmo **saídas do centro** a algunha librería da zona, á biblioteca pública ou a coñecer as bibliotecas doutros centros educativos, tamén ó cine con algún filme relacionado coa temática do club de lectura ou das lecturas que se vaian facendo.

7.4 Actividades de carácter organizativo

- Actualizar a biblioteca e facela un eixo central das actividades do centro.
- Recatalogación, relocalización e expurgo.
- Rexistro, catalogación e localización de novos fondos.
- Continuar coa remodelación do mobiliario.
- Novas zonas de exposición.
- Zonas de lectura informais.
- Formación do profesorado no uso de MEIGA e funcionamento da biblioteca. Creación de diferentes titoriais para implicar a todo o claustro.
- **Continuar co atoprétamo** para facilitar o funcionamento da biblioteca o máximo de horas posibles.



8 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha deste proxecto e das súas concrecións.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conto non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Para a realización desta avaliación pódense empregar diversas fontes de información:

- Rexistro de datos achegado polo profesorado a partir de fichas de avaliación.
- Enquisas ó profesorado para que avalíen as diferentes actividades.
- Enquisas ó alumnado para acadar información sobre a súa participación, opinión e suxestións.



Ana Belén González Basanta
Coordinadora da biblioteca

PROXECTO DO CLUB DE LECTURA 22-23

1. NOME DO CLUB DE LECTURA

O club de lectura da biblioteca do IES Lois Peña Novo leva o nome: “**Nós tamén**”, e conta con anos de traxectoria.

Anualmente este nome vén acompañado doutra denominación encargada de dotar de coherencia ás diferentes actividades interrelacionadas que emanan do proxecto. Para este curso 2022-23 será: “**Un mundo de libros**” que continuará o traballo iniciado no curso pasado (“*Chairegos polo mundo*”) en relación ós obxectivos da axenda 2030.

2. BREVE HISTORIA

Segundo as instrucións ditadas cada curso en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares, traballaremos **temáticas vinculadas ós Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030** da ONU, escollendo temas relevantes no campo social e educativo.

*Por que **Un mundo de libros**?* Cada curso hai máis alumnado de diferentes procedencias no noso centro, isto lévanos a pensar na diversidade como riqueza: a multiculturalidade, a variedade de linguas... as diferenzas vistas como **oportunidade para viaxar por un mundo de libros**.

Os **obxectivos** que se traballarán neste club serán varios, xa que a temática é transversal a moitos deles, pero se algún fará de nexos vertebrador será o **17 Alianzas para lograr os obxectivos**.



3. FINALIDADES. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR

- Fomentar a lectura como fonte de goce e lecer, así como para despertar o espírito crítico.
- Facer da biblioteca o eixo vertebrador do centro, este club sería unha das actividades principais para dinamizar a biblioteca.
- Crear un espazo de intercambio de ideas, pensamentos, inquiredanzas e emocións coa escusa dunha lectura, xerando un lugar propicio para a expresión.
- Difundir diferentes formatos de obras literarias procurando poñer en valor obras e autores galegos/as.
- O lema do **proxecto lector do centro** e que asumimos tamén para este club é: *Ler para comprender, ler para aprender*.

4. ACTIVIDADES PREVISTAS. Breve descrición dos escenarios posibles

- Sesións de lectura presenciais e/ou lecturas públicas dramatizadas.
- Faladoiros sobre a obra literaria e implicacións na realidade.
- Concursos e retos a través das RRSS e no centro.
- Booktrailers (vídeos presentando os libros) para as RRSS.
- Proposta de proxección de cine e/ou obras teatrais do propio libro ou relacionado coa temática.

PROXECTO DO CLUB DE LECTURA 22-23

- Actividades conxuntas con outros centros de ensino da contorna e outras entidades para tecer unha rede lectora, por exemplo estamos en conversa constante co IES Basanta Silva ou a Biblioteca municipal da vila de Vilalba, onde se encontra o centro e que forma parte da Comisión da biblioteca.

- Exposicións sobre a temática do club. De seguro comezaremos cun **mapa do mundo** no que indicaremos todas as procedencias de persoas que forman a nosa comunidade educativa para que se vexa a diversidade, e plasmar tanta riqueza que iso nos trae.

- Charlas con persoas relevantes dentro da temática do club.

- Talleres que poderán levar a cabo persoas de diferentes nacionalidades sobre cuestións da súa cultura.



Este é un primeiro achegamento ás actividades que se poden facer, pero de seguro que se suman máis ideas e iniciativas.

En caso de ir a escenarios de semipresencialidade ou distancia todo farase a través das redes sociais da biblioteca e do centro. De ser preciso e debido a estas circunstancias, substituiremos estas actividades por outras máis factibles como as xuntanzas telemáticas por videoconferencia, exposición de fondos e recomendacións lectoras online, Booktrailers, retos lectores, citacións online, etc.

5. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á LECTURA EN GALEGO

- A produción do material relacionado co Club de lectura realizarase integramente en galego.

- A lingua vehicular do centro é o galego, a práctica totalidade do profesorado, alumnado e persoal non docente úsao como lingua diaria e habitual, isto dá unha imaxe de lingua viva, de naturalidade e de contemporaneidade.

- Traballaremos conxuntamente co equipo de dinamización da lingua galega do centro á hora de realizar actividades para este club.

- As lecturas propostas procurarán estar escritas en galego. Proporcionaremos ferramentas para a súa tradución en caso de que membros do club non poidan seguir estas obras ou actividades en lingua galega.

6. ACTIVIDADES PARA ESTIMULAR A PARTICIPACIÓN DOS VARÓNIS

O IES Lois Peña Novo conta coas ensinanzas de FP Básica, ciclos medios e superiores ademais de Educación Secundaria e Bacharelato para persoas adultas, CUALE e Castelán e galego para inmigrantes. As familias profesionais do noso centro (mecanizado, electricidade, informática e servizos á comunidade) consolidan un alumnado altamente masculinizado. Para incentivar a súa participación propoñemos actuacións nas que teñan relevancia as RRSS (Instagram, Telegram, Facebook), saídas culturais vinculadas ás obras, conexión con persoeiros da comunidade representativos para o alumnado...

7. ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

As ensinanzas do IES Lois Peña Novo son postobligatorias. Tanto os Graos de FP como a ESA e Bacharelato para adultos concentran unha gran diversidade nas características do alumnado, unha pequena parte aínda en idade de escolarización obrigatoria. O alumnado NEAE ten presenza e visibilidade no noso centro, na súa maioría constitúen alumnado NEAE por presentar descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe,

PROXECTO DO CLUB DE LECTURA 22-23

condicións persoais ou de historia escolar ou por ter TDAH. Ademais, resulta destacable o alumnado dos Ciclos FP Grao Básico e, en menor medida, do Ciclo Medio que presentan notorias dificultades na comprensión e expresión oral e escrita o que explica a reticencia ó hábito lector.

Dende o IES Lois Peña Novo entendemos a diversidade da nosa comunidade educativa como realidade intrínseca e fundamento esencial para ofrecer unha resposta de calidade onde o Club de Lectura se presenta como fórmula idónea. En base a isto, realizaremos actividades atendendo ao Deseño Universal da Aprendizaxe, aproveitando as posibilidades que nos ofrecen recursos dixitais e apoiándonos no asesoramento do profesorado especialista en SAAC, buscando favorecer o acercamento de toda a comunidade educativa e fomentando a inclusión e as posibilidades de participación.

8. COMPOSICIÓN, NÚMERO DE GRUPOS E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO. IMPLICACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO. Detalle da existencia, no seu caso, dun grupo de lectura de adultos.

O **grupo do club de lectura será mixto**, integrado por alumnado de todas as idades, profesorado, persoal non docente do centro e outros membros da comunidade escolar.

Contamos cos datos aproximados de anos anteriores, que é a estimación que aquí faremos: ó redor dunhas 25 persoas.

A previsión inicial é consolidar un grupo de mañá e outro de tarde, para dar resposta a alumnado das ensinanzas de adultos do noso centro.

9. FORMA DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- Propoñemos unha lectura por trimestre, tendo previsto comezar en novembro, serán un mínimo de 3 reunións fixas para falar sobre o libro, pero proporemos máis lecturas complementarias sobre a temática se vemos que é factible e por suposto están todas as actividades relacionadas co club.
- Cada libro irá acompañado de actividades e outros elementos de carácter visual: exposicións, club de cine, cine fórum, vídeos relacionados, outras lecturas, arte e fotografía...
- En caso de que resulte proporase a un grupo de alumnado e profesorado diferente para dinamizar cada unha das lecturas. Desta maneira xurdirán ideas diferentes e as sesións serán completamente diversas.

10. HORARIO E CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL

Ata o de agora as reunións sempre se fixeron no tempo de lecer da mañá e da tarde con carácter mensual. Manteremos esta programación e ademais incorporaremos sesións noutros horarios diferentes para facer máis atractivo o club, como por exemplo algún día no que quedemos a comer para como escusa para falar do libro.

11. MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

- Daremos a coñecer o club e desvelaremos o fondo de forma presencial e directa polas aulas.
- Usaranse os taboleiros do centro e as diferentes plataformas dixitais: web do centro, blog da biblioteca (bibliolpn.blogspot.com.es/), canle de Telegram, Pinterest (es.pinterest.com/bibliolpn/), Instagram (@biblio.lpn) e un curso da aula virtual creado para o club de lectura onde se van incorporando todas as novidades e no que está matriculado toda a comunidade educativa.